

## COMUNICADO DA COORDINADORA DE MÉDICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A situación da Atención Primaria de Saúde presenta desde hai xa uns anos unha dinámica de deterioro progresivo, que é máis importante no eido dos recursos humanos, onde se produce un uso irracional, abusivo e desorganizado dos mesmos. A poboación está envellecendo, xa que logo, a carga de traballo aumenta; en certas áreas (p. e. as Rías Baixas) hai un incremento continuo de habitantes sen que isto se corresponda con aumento de número de médicos nos centros de saúde correspondentes; o obxectivo prometido innumerables veces por distintos gobernos de reducir os cupos de cada médico a menos de 1.500 tarxetas sanitarias está moi lonxe de ser cumprido, co que a situación empeora desde hai anos, e neste intre están agromando situacións asistenciais que podemos considerar moi graves xa que os xestores de antano non souberon ou non quixeron ver as consecuencias que as decisións derivadas da súa xestión ían producir, e os actuais manteñen a mesma política sanitaria.

¿Queremos volver a consultas ilimitadas de 50, 60, 70 pacientes cunha demanda sen planificación de ningún tipo, ou queremos unha axenda planificada con intervalos adecuados que permitan unha asistencia ordinaria de calidade, así como a planificación de consultas de doentes crónicos, cirurxía ambulatoria, atención á muller e actividades preventivas e de formación?

¿Queremos manter unhas condicións laborais tan desfavorables como as actuais, cuxas consecuencias son a perda de profesionais emigrados a outras comunidades autónomas e outros países, ou queremos mellora-las condicións de traballo e uns contratos dignos que posibiliten a volta dos nosos compañeiros?

¿Queremos que a nosa profesión siga denigrándose ata o extremo de sufrir cada vez con máis frecuencia insultos e agresións, ou queremos mellora-las circunstancias actuais, para dignificar o noso traballo e satisfacer mellor as expectativas dos nosos pacientes?

¿Queremos asumir o risco legal que implica unha mala praxis motivada por unha presión laboral excesiva, p. ex. única comunidade autónoma con xornada ordinaria de seis días á semana, ou queremos que o criterio económico deixe de ser o factor máis valorado e se habiliten presupostos que permitan unha asunción racional do noso traballo?

Debido a todo isto, os abaixo asinantes, médicos de familia con destino en Atención Primaria, solicitamos da administración o seguinte:

Que facendo súas estas consideracións:

Sexa convocada unha mesa de negociación na que estean presentes os representantes sindicais, administración e membros da coordinadora de médicos de atención primaria da provincia de Pontevedra na que se negocien os seguintes puntos:

Incrementar o presuposto no capítulo de persoal de Atención Primaria.

Aumentar o número de contratacións do persoal facultativo para que as ausencias sexan cubertas ó 100 %.

Desdoblar os cupos de xeito efectivo e inmediato.

Crear unha axenda de calidade (10 minutos) que non se vexa supeditada a situacións externas.

Considerar a xornada dos sábados como atención continuada.

Pontevedra, 26 de xuño de 2006

